

CONFRARIA DE PESCADORES



LIRA

Mardelira





O Proxecto Mardelira é unha iniciativa da **Confraría de Pescadores de Lira**, ca que pretendemos dar a coñecer a complexidade do mundo da pesca e do mar ó conxunto da sociedade.

Mardelira amosa o mar, a costa, as tradicións, a historia e as lendas desta vila cos ollos dos mariñeiros, das mariscadoras e dos xubilados.

TALLER DE PESCA

Buscamos difundir os saberes e a realidade da pesca entre os escolares dos distintos niveis educativos e o público en xeral. Para elo desenrólanse diversas actividades estruturadas en tres programas: *ISCAR*, *MAR DE LIRA* e *ANDAR Ó MAR*.

ISCAR

É un programa dirixido a escolares do contorno do Porto de Lira. Desenrolamos actividades trimestrais que tratan temas relacionados co mundo do mar, a vida nos pobos mariñeiros e o coidado e respecto do litoral.





MAR DE LIRA,

aberto a calquera centro escolar interesado, onde participarán en actividades e rutas que lles permitirán coñecer a pesca e os pescadores de Lira, así como o seu contorno físico e social.

ANDAR O MAR,

destinado ó público en xeral, ó cal se lle ofrece a posibilidade de facer visitas guiadas ó porto, ás diferentes rutas e incluso ás exposicións (A Caseta de Pepe do Cuco, exposición permanente e outras temporais).





RUTA DA PESCA

A ruta comeza en Caneliñas, onde estivo a derradeira factoría baleeira do sur de Europa. A continuación desprazarémonos a praia do Ézaro, explicaremos o funcionamento da arte da xávega e a importancia da pesca da sardiña e dos salgadoiros na pesca galega.

Remataremos a vista no porto de Quilmas, un porto natural de óptimas condicións.



RUTA DO PORTO

Visitaremos a caseta de Pepe de Cuco, unha antiga construción mariñeira, que alberga unha exposición sobre a historia do porto, artes de pesca e marisqueo e embarcacións tradicionais. Na caseta veremos o único encascadoiro que se pode visitar na actualidade en toda Galicia.

Explicaremos o proceso da salga e a súa importancia.

Faremos unha parada na rampla vella para explicar as distintas partes dunha embarcación, conversaremos cos mariñeiros e halaremos as nasas que previamente foron largadas. Por último, explicaremos o funcionamento da lonxa e simularemos unha poxa.

RUTA DOS NAUFRAXIOS

O comenzo da ruta ten lugar na praia de Ardeleiro, lugar do afundimento do Ariete (fío conductor de toda a ruta). Camiñaremos cara ós Miñarzos ó longo desta costa totalmente exposta ós temporais e chea de baixos nos que naufragaron numerosas embarcacións e na que pescan de xeito habitual os mariñeiros de Lira.

Na capela dos Remedios veremos restos do Ariete donados pola armada e unha réplica en miniatura do mesmo.

Para rematar a ruta achegarémonos á tenda de Xosé Dosil (buzo xubilado) que participou no rescate e no desguace do buque.



A Mariñeira que se encontra no restaurante con el parvato do Ariete despois de a Armada.





RUTA DO LITORAL

Dende o miradoiro de Louredo, observaremos a morfoloxía da costa e estruturaremos a paisaxe.

Dirixirémonos logo a praia de Caldebarcos para ver a vida no litoral, a súa fauna e importancia para a economía pesqueira.

Despois iremos a Boca do Río, para ver outro tipo de paisaxe costeira, unha zona de praia onde desembocan varios ríos e que acolle bancos marisqueiros e complexos dunares.

RUTA DA ENERXÍA

Dirixirémonos cara a Lariño, onde poderemos ver as ruínas dun muíño de vento e tamén o faro no cal explicaremos a evolución dos sistemas de sinalización marítima e os distintos aproveitamentos da enerxía para este fin.

Na aldea de Mallou amosaremos o funcionamento do muíño de auga e explicaremos a enorme importancia que a enerxía hidráulica tivo na nosa historia.

No parque eólico das Paxareiras, veremos a forma en que as turbinas transforman a forza do vento en electricidade.





COMPARTIR UN DÍA DE MAR COS MARIÑEIRO



O Turismo mariñeiro vai destinado a aquelas persoas que desexen vivir unha xornada de pesca cos mariñeiros deste porto.

Poderán ver de preto como é actividade laboral cotiá e coñecer de primeira man as súas inquedanzas, dificultades e a propia xerga mariñeira.

PRACTICAR UNHA PESCA DEPORTIVA SUSTENTABLE

Coa intención de promover actitudes de respecto polos recursos e polo medio mariño, ofrecemos a oportunidade de facer unha pesca deportiva sustentable, coñecendo e adquirindo as habilidades típicas dos pescadores. Na compañía dun patrón experimentado desfrutarás do mar, da paisaxe, da pesca, colaborando na conservación dos recursos respectando tamaños, topes e vedas.







INFORMACIÓN E RESERVAS

e-mail: info@mardelira.net

Tlfs: 636 294 796

981 761 252

DURACIÓN DAS RUTAS

Ruta do Porto, Pesca e Litoral: 2 h

Rutas dos Naufraxios: 1,30 h

Rutas Etnográfica e Enerxía: 2,30 h

mar del sur



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

FROM



ASOCIACIÓN DE VECIÑOS
"Pedras da Area"
Mallou - Maceiras
CARNOTA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible



Obra Social
Fundació "la Caixa"

eurovento

AVINA

amares
PROGRAMA
DE USO SOSTIBLE
DO MAR



Fundación LonXanet
para a Pesca Sostenible

Prodemar
RODABALLO DE GALICIA

NERIA



Cruz Vermella
Proxecto
SINGRA

CENTRO TECNOLÓXICO DEL MAR
FUNDACIÓN CETMAR

Stolt Sea Farm, S.A.
Grupo Stolt Nielsen

Oceano Vivo
Fundación

Proxecto Carnota
Asociación Cultural

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es